

Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e o Grao en Química

Aprobado CG 27/03/2014 e modificado polo CG 29/01/2015 e CG 20/07/2017

A Universidade da Coruña (UDC), no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta académica dispoñible, posibilita que un estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Bioloxía e Grao en Química, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Facultade de Ciencias, responsable de ambas titulacións. Para a posta en marcha do programa conxunto resulta necesario regular determinados aspectos, nomeadamente:

Art. 1. Autorización do programa.

A UDC autoriza a posta en marcha dun programa de estudos proposto pola Facultade de Ciencias, que permita simultanear os estudos de Grao en Bioloxía e Grao en Química (en diante “Programa de Simultaneidade”) mediante unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partires dos planes de estudos oficiais de ambos Graos e tendo en conta o regulado dos artigos que seguen.

Art. 2. Das titulacións que se obterán.

Os/as alumnos/as que superaren este Programa de Simultaneidade obterán os dous títulos de Grao en Bioloxía pola UDC e Grao en Química pola UDC.

Art. 3. Da duración do programa.

Terá unha duración de once cuatrimestres, repartidos consonte a estrutura que figura no Anexo I. O número de créditos necesario para superar o programa será de 369, que se distribuirán de acordo co Anexo I.

Art. 4. Do centro responsable da xestión do Programa de Simultaneidade.

A Facultade de Ciencias será responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade, así como do expediente dos alumnos. Os estudantes aboarán neste centro os prezos públicos e taxas por servizos académicos que corresponden aos títulos de Grao en Bioloxía e Grao en Química.

Art. 5. Do centro de impartición do ensino.

A impartición de todas as disciplinas deste programa de simultaneidade realizarase na Facultade de Ciencias da UDC.

Art. 6. Do número de estudantes.

O número de estudantes de entrada ao Programa de Simultaneidade será, cada curso académico, o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, a proposta da Facultade de Ciencias, de conformidade coa normativa vixente.

Art. 7. Do acceso e admisión de estudantes.

1. Só poderán acceder ao Programa de Simultaneidade aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso para ambos os Graos.
2. A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC.
3. Aqueles estudantes que estean a cursar o primeiro curso do Grao en Bioloxía ou do Grao en Química e desexaren cursar o Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte, poderán acceder ao mesmo cos recoñecementos que se recollen no Anexo II, referidos exclusivamente a créditos de Formación Básica, desta normativa. Os créditos correspondentes a materias obrigatorias recoñeceranse materia a materia, segundo as que teñan superadas de cada Grao.

A Facultade de Ciencias establecerá en cada curso académico, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, o número máximo de alumnos admisible por esta vía para o Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte.

Para estes alumnos, o acceso ao Programa de Simultaneidade realizarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) De existir máis demanda de prazas que oferta, a selección realizarase atendendo a:
 - A súa nota de acceso á Universidade, que debe de ser igual ou superior á nota que se esixiu para a admisión no Programa de Simultaneidade no curso académico en que foron admitidos ben no Grao en Bioloxía, ben no Grao en Química.
 - No caso de empate terase en conta a nota media ponderada do primeiro curso, do curso académico anterior, tendo en conta as medias das últimas promocións dos Graos en Bioloxía e Química, seguindo o sistema que habitualmente se empregue na Facultade de Ciencias.
- b) De existir unha demanda inferior á oferta a selección realizarase atendendo ao primeiro dos criterios do apartado anterior.
4. Por motivos de organización e optimización académica, non se contempla o ingreso ao Programa de Simultaneidade de alumnos que están a realizar cursos superiores ao 1º de Grao en Bioloxía ou 1º de Grao en Química.

Art. 8. Dos criterios de matrícula.

1. Os/as alumnos/as de primeiro curso, que cursen estes estudos por primeira vez, poderán optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, segundo o que establece a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC: nunca inferior a 24, nin superior a 48 créditos.
2. Os estudantes de continuación de estudos deberán efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC na Normativa citada: nunca inferior a 48, nin superior a 78 créditos e nunca inferior a 24, nin superior a 48 créditos, respectivamente.
3. De acordo coa norma de progresión aprobada na UDC, o alumnado deberá matricularse de todos os créditos de formación básica e obrigatoria non superados de cursos anteriores.
4. Os estudantes poderán desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a Normativa de xestión académica que rexa en cada curso académico.

Art. 9. Permanencia e progresión: Número de créditos que se deben superar.

1. O alumnado de primeiro curso matriculado neste por primeira vez, deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecido na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC.
2. O alumnado de continuación de estudos deberá cumprir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

Art. 10. Avaliación e número de convocatorias.

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.
2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro xunto coas de cada un dos Graos.

Art. 11. Incumprimento das normas de permanencia.

Aqueles alumnos matriculados no Programa de Simultaneidade que non cumpran as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberán abandonar os estudos, de conformidade co disposto na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC.

As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polos alumnos do programa, serán atendidas polo Decano ou Director do centro xestor deste, quen resolverá por desconcentración do Reitor da UDC, tras o informe da comisión académica que corresponder.

Contra a resolución do Decano ou Director os alumnos poderán presentar un recurso de alzada ante o Reitor da Universidade, na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere e que permita esta.

Art. 12. Abandono do programa de simultaneidade.

1. Os alumnos que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da facultade responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.
2. Os estudantes, de ser o caso, poderán:
 - a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que teñan aprobados polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, e 6 créditos no réxime de dedicación a tempo parcial, da titulación que vaian cursar. De non cumprir este requisito, o/a decano/a da facultade, previa petición da persoa interesada, poderá admitir a matrícula, pero neste caso o/a alumno/a deberá superar un mínimo de 36 créditos obrigatorios do primeiro curso para a matrícula a tempo completo, e 18 no caso de matrícula a tempo parcial.

Terán dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opten, por aqueles outros superados na titulación que abandonen.
 - b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

Terán dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación na que se matriculen, por aqueles outros superados nas titulacións que abandonen.

Art. 13. Dos recoñecementos específicos para estudantes deste Programa de Simultaneidade.

1. Ao alumnado que superar o Programa de Simultaneidade recoñeceránselle os créditos das disciplinas que constan no Anexo IV.
2. Os recoñecementos realizaranse co visto e prace da Comisión Académica da Facultade de Ciencias, unha vez superado o total de créditos previstos no Plan de Simultaneidade agás os Traballos de Fin de Grao. Dito recoñecemento terá carácter gratuíto.
3. De acordo coas memorias verificadas do Grao en Bioloxía e do Grao en Química, na fase final do plan de estudos, e de acordo coa normativa da UDC, realizaranse dous traballos de fin de Grao, un de 6 ECTS, que acredita a adquisición do conxunto de competencias conducentes á obtención do Grao en Bioloxía, e outro de 15 ECTS, que acredite a adquisición do conxunto de competencias conducentes á obtención do Grao en Química. Ambos traballos poderán comezar e desenvolverse no tempo simultaneamente. Aceptarase e fomentarse que ambos TFG poidan constituír un corpus dun traballo multidisciplinar, e que poidan ser codirixidos conxuntamente por profesorado de ambos Graos, aínda que cada TFG terá a súa propia avaliación e cualificación final.

Art. 14. Da expedición dos títulos oficiais de Grao.

Os/as alumnos/as deberán solicitar a expedición de cada un dos dous títulos oficiais: Graduado/a en Bioloxía pola UDC e Graduado/a en Química pola UDC. A solicitude farase perante a administración da Facultade de Ciencias, e se aboarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos a tal efecto pola Xunta de Galicia para cada curso académico. Os trámites administrativos que se realizarán a estes efectos serán, para cada título, os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

Disposición derogatoria. Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e o Grao en Química, aprobada en data 27/03/2014 e modificada nas datas 29/01/2015 e 20/07/2017 polos correspondentes Consellos de Goberno da UDC.

Disposicións finais

Primeira: A UDC resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual; porén, os alumnos de continuación de estudos terán garantida a posibilidade de finalzalos.

Segunda: Corresponderalle á Vicerreitoría con competencias en Titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Terceira: Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e polas demais normativas da UDC que resulten de aplicación.

Cuarta: As presentes normas serán de aplicación para o alumnado que acceda ao Programa de Simultaneidade a partir do curso académico 2019/20.

Anexo I: Distribución temporal secuenciada dos contidos do Programa de Simultaneidade.

1º Curso 1º Cuadrimestre		1º Curso 2º Cuadrimestre	
Matemáticas 1	1º Q	Física	1º B
Xeografía Física (*)	1º B	Estatística	1º B
Química Xeral 1	1º Q	Química Xeral 3	1º Q
Citloxía	1º B	Histoloxía	1º B
Introdución á Botánica: Botánica Xeral	1º B	Bioquímica I	1º B
		Química Xeral 2	1º Q
2º Curso 3º Cuadrimestre		2º Curso 4º Cuadrimestre	
Bioquímica II	2º B	Organografía Microscópica	2º B
Botánica Sistemática: Criptogamia	2º B	Zooloxía II	2º B
Zooloxía I	2º B	Química Analítica 2	2º Q
Química Analítica 1	2º Q	Química Física 2	2º Q
Química Física 1	2º Q	Laboratorio de Química 2	2º Q
Química Orgánica 1	2º Q	Química Orgánica 2	2º Q
3º Curso 5º Cuadrimestre		3º Curso 6º Cuadrimestre	
Microbioloxía	2º B	Micro. Aplicada e Control Microbiolóxico	2º B
Fisioloxía Vexetal I	2º B	Fisioloxía Vexetal II	2º B
Química Inorgánica 1	2º Q	Química Inorgánica 2	2º Q
Enxeñaría Química	3º Q	Xenética	2º B
Química Analítica Instrumental 1	3º Q	Experimentación en Química Física	3º Q
Química Física 3	3º Q		
4º Curso 7º Cuadrimestre		4º Curso 8º Cuadrimestre	
Técnicas en Microbioloxía	3º B	Botánica Sistemática: Fanerogamia	3º B
Fisioloxía Animal I	3º B	Fisioloxía Animal II	3º B
Fisioloxía Vexetal Aplicada	3º B	Experimentación en Química Orgánica	3º Q
Ampliación de Química Orgánica	3º Q	Química Inorgánica 4	3º Q
Química Inorgánica 3	3º Q	Química Analítica Instrumental 2	3º Q
Xenética Molecular	3º B		
5º Curso 9º Cuadrimestre		5º Curso 10º Cuadrimestre	
Química Analítica Avanzada e Quimiometría	4º Q	Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio	4º B
Química Física Avanzada	4º Q	Deseño, Redac. e Xestión de Prox. en Quím.	4º Q
Química Inorgánica Avanzada	4º Q	Xenética de Poboacións e Evolución	3º B
Química Orgánica Avanzada	4º Q	Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades	3º B
Biodiversidade Animal e Medio Ambiente	4º B	Bioquímica e Bioloxía Molecular	3º B
Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas	3º B		
Curso 5.5, 11º Cuadrimestre			
Ecoloxía Humana	4º B		
Ciencia de Materiais	4º Q		
Traballo de Fin de Grao	4º Q		
Traballo de Fin de Grao	4º B		

Anexo II. Recoñecementos de créditos de Formación Básica previstos para aqueles estudantes que xa estean a cursar o Grao en Bioloxía ou ben o Grao en Química e desexaren cursar o Programa de Simultaneidade.

Alumno procedente do Grao en Bioloxía	
<i>Materia do Grao en Bioloxía</i>	<i>Recoñécese por: materia do Grao en Química</i>
Matemáticas	Matemáticas 1
Física	Física 1
Química	Química Xeral 2
Xeoloxía	Xeoloxía
Estatística	Matemáticas 2
Citloxía ou Histoloxía	Bioloxía*
Citloxía ou Histoloxía	Optativa 1*
Bioquímica I	Optativa 2

Alumno procedente do Grao en Química	
<i>Materia do Grao en Química</i>	<i>Recoñécese por: materia do Grao en Bioloxía</i>
Matemáticas 1	Matemáticas
Matemáticas 2	Estatística
Física 1	Física
Física 2	Optativa 1
Bioloxía	Citloxía
Xeoloxía	Xeoloxía
Química Xeral 1	Optativa 2
Química Xeral 2	Química
Química Xeral 3	Optativa 3
Laboratorio de Química 1	Optativa 4

* A superación dalgunha das materias Citloxía ou Histoloxía do Grao en Bioloxía, permitirá recoñecer a materia Bioloxía do Grao en Química. En caso de ter superadas as dúas, recoñecerase a Bioloxía pola Citloxía e unha optativa do Grao en Química pola Histoloxía, este último recoñecemento cualificación.

Anexo III. Recoñecementos previstos para alumnos que abandonen o Programa de Simultaneidade optando por continuar a cursar unha das dúas titulacións do programa.

Alumno que continúa a facer o Grao en Bioloxía	
Materia do Programa de Simultaneidade	Recoñécese por: materia do Grao en Bioloxía
Matemáticas 1	Matemáticas
Xeografía Física	Xeografía Física
Química Xeral 2 ó Química Xeral 3	Química
Química Xeral 1	6 ECTS Formación Básica ou Optativa
Citloxía	Citloxía
Introdución á Botánica: Botánica xeral	Introdución á Botánica: Botánica xeral
Física	Física
Estatística	Estatística
Química Xeral 2 ó Química Xeral 3	6 ECTS Formación Básica ou Optativa
Histoloxía	Histoloxía
Laboratorio de Química 2	Optativa
Bioquímica I	Bioquímica I
Bioquímica II	Bioquímica II
Botánica Sistemática: Criptogamia	Botánica Sistemática: Criptogamia
Zooloxía I	Zooloxía I
Química Analítica 1	Optativa
Química Física 1	Optativa
Química Inorgánica 1	Optativa
Xenética	Xenética
Organografía Microscópica	Organografía Microscópica
Zooloxía II	Zooloxía II
Química Analítica 2	Optativa
Química Física 2	Optativa
Química Inorgánica 2	Optativa
Microbioloxía	Microbioloxía
Fisioloxía Vexetal I	Fisioloxía Vexetal I
Química Orgánica 1	Optativa
Xenética Molecular	Xenética Molecular
Química Analítica Instrumental 1	Optativa
Química Física 3	Optativa
Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico	Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico
Fisioloxía Vexetal II	Fisioloxía Vexetal II
Química Orgánica 2	Optativa
Bioquímica e Bioloxía Molecular	Bioquímica e Bioloxía Molecular
Química Analítica Instrumental 2	Optativa
Experimentación en Química Física	Optativa
Técnicas en Microbioloxía	Técnicas en Microbioloxía
Fisioloxía Animal I	Fisioloxía Animal I
Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas	Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas
Ampliación de Química Orgánica	Optativa
Química Inorgánica 3	Optativa
Enxeñaría Química	Optativa

Xenética de Poboacións e Evolución	Xenética de Poboacións e Evolución
Botánica Sistemática: Fanerogamia	Botánica Sistemática: Fanerogamia
Fisioloxía Animal II	Fisioloxía Animal II
Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades	Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades
Experimentación en Química Orgánica	Optativa
Química Inorgánica 4	Optativa
Fisioloxía Vexetal Aplicada	Fisioloxía Vexetal Aplicada
Biodiversidade Animal e Medio Ambiente	Biodiversidade Animal e Medio Ambiente
Ecoloxía Humana	Ecoloxía Humana
Química Analítica Avanzada e Quimiometría	Optativa
Química Física Avanzada	Optativa
Química Inorgánica Avanzada	Optativa
Química Orgánica Avanzada	Optativa
Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio	Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio
Ciencia de Materiais	Optativa
Deseño, Redacción e Xestión de Proxectos en Química	Optativa

Alumno que continúa a facer o Grao en Química	
Materia do Programa de Simultaneidade	Recoñécese por: materia do Grao en Química
Matemáticas 1	Matemáticas 1
Xeografía Física	Optativa
Química Xeral 2	Química Xeral 2
Química Xeral 1	Química Xeral 1
Citloxía ó Histoloxía	6 ECTS Formación Básica ou Optativa
Introdución á Botánica: Botánica Xeral	6 ECTS Formación Básica ou Optativa
Física	Física 1
Estatística	Matemáticas 2
Química Xeral 3	Química Xeral 3
Citloxía ó Histoloxía	6 ECTS Formación Básica ou Optativa
Laboratorio de Química 2	Laboratorio de Química 2
Bioquímica I	Optativa
Bioquímica II	Bioquímica e Química Biolóxica
Botánica sistemática: Criptogamia	Optativa
Zooloxía I	Optativa
Química Analítica 1	Química Analítica 1
Química Física 1	Química Física 1
Química Inorgánica 1	Química Inorgánica 1
Xenética	Optativa
Organografía Microscópica	Optativa
Zooloxía II	Optativa
Química Analítica 2	Química Analítica 2
Química Física 2	Química Física 2
Química Inorgánica 2	Química Inorgánica 2
Microbioloxía	Optativa
Fisioloxía Vexetal I	Optativa
Química Orgánica 1	Química Orgánica 1

Xenética Molecular	Optativa
Química Analítica Instrumental 1	Química Analítica Instrumental 1
Química Física 3	Química Física 3
Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico	Optativa
Fisioloxía Vexetal II	Optativa
Química Orgánica 2	Química Orgánica 2
Bioquímica e Bioloxía Molecular	Optativa
Química Analítica Instrumental 2	Química Analítica Instrumental 2
Experimentación en Química Física	Experimentación en Química Física
Técnicas en Microbioloxía	Optativa
Fisioloxía Animal I	Optativa
Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas	Optativa
Ampliación de Química Orgánica	Ampliación de Química Orgánica
Química Inorgánica 3	Química Inorgánica 3
Enxeñaría Química	Enxeñaría Química
Xenética de Poboacións e Evolución	Optativa
Botánica Sistemática: Fanerogamia	Optativa
Fisioloxía Animal II	Optativa
Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades	Optativa
Experimentación en Química Orgánica	Experimentación en Química Orgánica
Química Inorgánica 4	Química Inorgánica 4
Fisioloxía Vexetal Aplicada	Optativa
Biodiversidade Animal e Medio Ambiente	Optativa
Ecoloxía Humana	Optativa
Química Analítica Avanzada e Quimiometría	Química Analítica Avanzada e Quimiometría
Química Física Avanzada	Química Física Avanzada
Química Inorgánica Avanzada	Química Inorgánica Avanzada
Química Orgánica Avanzada	Química Orgánica Avanzada
Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio	Optativa
Ciencia de Materiais	Ciencia de Materiais
Deseño, Redacción e Xestión de Proxectos en Química	Deseño, Redacción e Xestión de Proxectos en Química

Anexo IV. Recoñecementos previstos polo Programa de Simultaneidade previos á expedición dos títulos de Grao en Bioloxía e Grao en Química

Para obter o Grao en Bioloxía	
<i>Materia do Grao en Bioloxía</i>	<i>Recoñécese por: materia do Programa de Simultaneidade</i>
18 ECTS de Formación Básica	18 ECTS de Formación Básica do Grao en Química
36 ECTS optativas	36 ECTS de materias obrigatorias do Grao en Química
Para obter o Grao en Química	
<i>Materia do Grao en Química</i>	<i>Recoñécese por: materia do Programa de Simultaneidade</i>
36 ECTS de Formación Básica	36 ECTS de Formación Básica do Grao en Bioloxía
Bioquímica e Química Biolóxica*	Bioquímica II
Química, Información e Sociedade*	Xeografía Física + Xenética Molecular + Xenética de Poboacións
9 ECTS optativas	9 ECTS de materias Obrigatorias do Grao en Bioloxía

* **Recoñecemento con nota.** A nota que figurará en acta corresponde á media das materias polas que se recoñece